

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS DE ADQUISICIÓN DE OBRAS DE ARTE PARA FORMAR PARTE DA COLECCIÓN DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (CGAC) NA SECCIÓN CGAC-XACOBEO DE ACORDO COA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIAS (ACTUAL SECRETARÍA XERAL DE CULTURA) DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.

ANTECEDENTES:

Con data 30 de xullo de 2020, a Dirección Xeral de Políticas Culturais (actual Secretaría Xeral de Cultura) procedeu a darlle publicidade a través da páxina web do CGAC ás bases para a presentación de ofertas de adquisición de obras de arte contemporánea para formar parte da Colección CGAC na sección CGAC-XACOBEO e se anunciaba a apertura do prazo de presentación de ofertas.

De acordo coa devandita convocatoria o prazo de presentación de ofertas finalizou o día 24 de agosto de 2020, coa presentación, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, de 151 solicitudes de participación.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas, nomeada por resolución de data 28 de agosto de 2020, logo da súa constitución, realizou sesións de traballo os días 16 e 21 de setembro e 2 de outubro de 2020, cuxos acordos constan nas correspondentes actas.

En cumprimento do artigo 12 da resolución de convocatoria pública e unha vez revisadas as ofertas presentadas e seleccionadas aquelas que cumprían todos os requisitos de participación e determinado o interese e calidade das mesmas conforme aos criterios de valoración, a comisión emitiu o día 2 de outubro de 2020 o informe de valoración e proposta de ofertas e obras seleccionadas pola contía máxima establecida no artigo 8º da convocatoria (200.000,00 €), para que se efectúe, de selo caso, unha proposta de adquisición ao Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade. A relación desas ofertas constan como anexo I a esta proposta.

Os contratos que se propoñen reciben a cualificación de contratos menores ao abeiro do disposto no artigo 118 LCSP, en virtude do cal, considerasen contratos menores os contratos de servizos ou subministracións de valor estimado inferior a 15.000€, xa que cada unha das propostas de adquisición presentadas polos participantes terá unha contía máxima de 14.000,00 €, impostos excluídos.

Tendo en conta a proposta de adquisicións das obras de arte que formarán parte da Colección CGAC da Secretaría Xeral de Cultura de data 20 de outubro de 2020 e logo de todo o exposto, e unha vez realizados os trámites do procedemento de acordo co sinalado nos artigos 146 e 150 da LCSP, e en nome do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, no uso das facultades en materia de contratación que me atribúe a Orde do 21 de marzo de 2019 sobre delegación de competencias (DOG núm.63, do 1 de abril de 2019), e de acordo co Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,



RESOLVO:

1. Adxudicar os contratos de adquisición de obras de arte que formarán parte da colección CGAC na sección CGAC-XACOBEO ás entidades, persoas e polos importes que figuran no anexo I a esta resolución.
2. Prazo de execución: 10 días dende a notificación aos adxudicatarios da presente resolución.
3. Ordenar que se lle notifique esta resolución de adxudicación aos adxudicatarios, así como a súa publicación na páxina web do CGAC.
4. Contra a resolución de adxudicación, que pon fin á vía administrativa, poderá presentarse recurso especial en materia de contratación nos termos establecidos nos artigos 40 a 59 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da remisión desta notificación ou, directamente, recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto, que pon fin á vía administrativa, conforme o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

Santiago de Compostela,
O conselleiro
P.D. (Orde do 21.3.2019)
O secretario xeral de Cultura





**ANEXO I-RELACIÓN DE ENTIDADES E PERSOAS FÍSICAS PARA A ADQUISICIÓN DE OBRAS DE ARTE
COLECCION CGAC SECCIÓN CGAC-XACOBEO**

ARTISTA / GALERÍA	NIF	OBRA	TÉCNICA	IMPORTE	IMPORTE CON IVE
ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA	36107234V	Banzai	Pintura	12.000,00 €	13.200,00 €
ANDREA COSTAS LAGO	36142582Z	Serie Tiempo al tiempo (7.000 € serie o 900€ c/u)	Fotografía (9 piezas)	7.000,00 €	7.700,00 €
BERIO MOLINA QUIROGA	33347821Y	Campo	Vídeo	1.400,00 €	1.540,00 €
CARLOS RODRÍGUEZ MÉNDEZ	34872217P	Casas gallegas (40 fotografías)	Fotografía	14.000,00 €	15.400,00 €
DAMIÁN UCIEDA CORTÉS	47350867P	Demolition	Fotografía	12.500,00 €	13.750,00 €
ISAAC PÉREZ VICENTE	34885586Z	Matriz	Instalación	12.000,00 €	13.200,00 €
JACOBO BUGARÍN OSORIO	33299813E	Nadie lo sabrá, seguro, Narcoarquitectura. Arquitectura del narcotráfico en Galicia	Vídeo instalación	14.000,00 €	15.400,00 €
JUAN LUIS LÓPEZ PÉREZ	32670698A	ST. #2 8DA SERIE HIMNO	Vídeo instalación	1.500,00 €	1.650,00 €
VERÓNICA VICENTE ÁLVAREZ	35576398K	Figuras decorativas	Fotografía e vídeo	3.900,00 €	4.290,00 €
XURXO LOBATO SÁNCHEZ	32417795P	"Galicia canibal" Chantada	Fotografía	2.300,00 €	2.530,00 €
GALERÍA PM8	B36961779	Éclats/ LORETO MARTINEZ	Escultura	10.000,00 €	12.100,00 €
GALERÍA VILASECO	B70580410	Sin título/SALVADOR Y JUAN CIDRÁS	Escultura	9.000,00 €	10.890,00 €
MARÍA ASUNCIÓN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (Galería Trinta)	36065414B	El paisaje está vacío y el vacío es paisaje/ CARLA ANDRADE	Vídeo instalación	12.000,00 €	14.520,00 €
MARIA JESÚS VILLAR IGLESIAS (Galería Nordés)	33340146J	Therese soñando (Parte proxecto Como un verde, libro verde)/JULIA HUETE	Instalación (5 piezas) (SOLO UNA THERESE SONANDO)	3.750,00 €	4.537,50 €
		S/T. De la serie La condición de la forma/ PABLO BARREIRO	Escultura	7.500,00 €	9.075,00 €
MARÍA LUISA PITA DÍAZ (Galería Luisa Pita)	32643736C	Labirinto vermello/MENCHU LAMAS	Pintura (Díptico)	14.000,00 €	16.940,00 €
MARÍA MAGÁN LAMPÁN (Galería de Arte La Doce)	76968887P	Yo Gasto (In memoriam)/AMAYA GONZALEZ REYES	Instalación	9.568,92 €	11.578,39 €
MC PROXECTOS DE ARTE SL (Galería Metro)	B15613086	24 NEUMAS/ANA PEREZ VENTURA	Técnica mixta	14.000,00 €	16.940,00 €
PEREIRA ARTE S.L.(Galería Marisa Marimón)	B32186009	Sen ser 1 + Sen ser 2/MAURO TRASTOY	Técnica mixta	2.000,00 €	2.420,00 €
		Sen ser 3/MAURO TRASTOY	Técnica mixta	745,00 €	901,45 €
		Sen ser 4/MAURO TRASTOY	Técnica mixta	2.065,00 €	2.498,65 €
		Sen ser 8	Técnica mixta	2.400,00 €	2.904,00 €
		De la serie Lugar de Ausencia #30/EVA DIEZ	Fotografía	2.300,00 €	2.783,00 €
		De la serie Lugar de Ausencia #16/EVA DIEZ	Fotografía	2.300,00 €	2.783,00 €
			TOTAL SELECCIÓN	172.228,92 €	199.530,99 €

